

ACTA

En Arzúa, a 17 de xuño de 2016.

Sendo as 10.20 horas, reúnen-se na Aula axeitada para iso no andar primeiro do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar aos traballadores que desempeñarán **tres postos de operarios de servizos varios**, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen o proceso de selección, cunha xornada ordinaria de traballo de vinte horas semanais, cuxa contratación laboral temporal por un período de dezoito meses acordouse realizar a través das Bases aprobadas por decreto do alcalde de data 19 de maio de 2016.

Estando presentes os seguintes catro integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).

- Vogais:

- D^a. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto*).

- D. Ramón Vereá Castelo (*Encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa*).

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de vinte preguntas, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Para o cal, polo presidente e os dous vogais, elaboráronse as vinte preguntas en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera tres respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos catro folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, máis outro folio contendo as tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos corenta e un aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos cincuenta e oito que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, cunha X.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar o exercicio.

- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante serán publicadas no Taboleiro de Edictos da

Casa do Concello, unha vez que se realice a corrección dos exercicios; concretando ao mesmo tempo cal será o día, lugar e hora en que se realizará a proba práctica da oposición; tendo previsto realizar esa corrección no día de hoxe.

- Que o tempo máximo para responder ás vinte preguntas elaboradas, sería de 30 minutos, desde as 10,35 horas ata as 11.05 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando deseguido as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- Cal é o tempo apróximado que tarda en descompoñerse unha bolsa de plástico convencional na natureza?

- A) Varias décadas
- B) Varias semanas
- C) 745 días

2.- Os residuos contaminantes son...:

- A) Sustancias químicas orgánicas, como os plásticos, metais e pesticidas
- B) Sustancias venenosas e tamén emisións de enerxía (en forma de radioactividade, luz, calor ou son) que enturban o medio ambiente
- C) Sustancias químicas nocivas para a saúde dos seres vivos

3.- Para frear o impacto dos residuos sobre o medio ambiente, os plans de xestión de residuos adoitan propoñer tres accións, as chamadas “tres erres”

- A) Reducir, remediar e reciclar
- B) Reducir, reutilizar e reciclar
- C) Rebuscar, recuperar e reutilizar

4.- Canto tarda en biodegradarse unha bolsa de papel na natureza?

- A) Aproximadamente dous anos e medio
- B) Varias semanas
- C) Cinco anos

5.- Unha vivenda habitada por catro persoas, a media estimada de lixo que se produce cada ano é de:

- A) Unha tonelada
- B) Cinco toneladas
- C) 450 quilogramos

6.- Como se denomina a operación consistente en recoller, clasificar, agrupar ou preparar residuos para o seu transporte?

- A) Recollida selectiva
- B) Recollida
- C) Xestión de residuos

7.- Un fusible, é un elemento insertado nun circuito para a súa protección.

Cal é a súa principal característica?

- A) Será o elemento máis resistente para que aguante ben as posibles sobrecargas
- B) Será de elevada temperatura de fusión ou vaporización
- C) Será o punto eléctricamente máis endeble do circuito

8.- Como se chama o morteiro que ten moito conglomerante e pouca area?

- A) Magro
- B) Areento
- C) Graso

9.- Os conglomerantes serven para unir outros materiais. Cales son os tres tipos de conglomerantes máis comúns?:

- A) Cal, xeso e area
- B) Cal, xeso e cemento
- C) Cemento, grava e xeso

10.- En que se mide a intensidade da corrente eléctrica:

- A) Ohmios
- B) Amperios
- C) Voltios

11.- Dun produto de limpeza que ten un Ph 10, diremos que é:

- A) Ácido
- B) Neutro
- C) Alcalino

12.- As canalizacións dun sistema de calefacción con radiadores conforman:

- A) A instalación de distribución
- B) A instalación térmica
- C) A instalación emisora de calor

13.- O interruptor destinado á protección contra contactos indirectos dos circuítos eléctricos de baixa tensión é:

- A) Un interruptor xeral automático de corte omipolar (IGA)
- B) Un interruptor diferencial
- C) Un dispositivo de corte omipolar, destinado á protección contra sobrecargas e cortocircuitos de cada un dos circuitos interiores da vivenda ou local (PIAS)

14.- Que elemento protexe os circuítos contra as sobrecargas?

- A) Interruptores diferenciais
- B) Contactores
- C) Pequenos interruptores

15.- Os sinais relativos aos equipos de loita contra incendios terán:

- A) Pictograma branco sobre fondo vermello
- B) Pictograma branco sobre fondo verde
- C) Pictograma branco sobre fondo azul

16.- Como se chama a arandela de plástico semirríxido cuxa misión é facer de válvula que bloquee o paso da auga cando pechamos a billa:

- A) Xunta tórica
- B) Xunta Grower
- C) Zapatilla ou zapata

17.- Que compoñente dos produtos de limpeza resulta máis prexudicial polo seu efecto contaminante nos ríos?

- A) Os tensioactivos
- B) Os blanqueadores
- C) Os fosfatos

18.- Que é o medio ambiente?

- A) Contorna física
- B) Todo aquilo que nos rodea
- C) As áreas verdes

19.- Se ten que realizar un traballo e non ten o EPI necesario. Que debe de facer?

- A) Facer o traballo con sumo coidado
- B) Non realizar o traballo ata que vaia provisto del
- C) Dependendo do risco que entrañe o traballador tomará a decisión

20.- O papel normal e o cartón son materias doadamente reciclables. O papel pódese reciclar ata:

- A) Sete veces
- B) Cinco veces
- C) Cuatro veces

Preguntas de reserva:

1.- Contamina unha fábrica ao verter auga limpa e quente a un río?

- A) Non, porque a auga quente non é unha sustancia venenosa
- B) Si, porque ao aumentar a temperatura, a auga perde osíxeno e os peixes afóganse
- C) Non, o calor da auga vertida compensa o frío natural do río e faio máis habitable

2.- As augas vertidas a un sistema de desaugadoiro ou rede de alcantarillado despois do seu uso doméstico ou industrial, denomínanse:

- A) Augas pluviais
- B) Augas potables
- C) Augas residuais

3.- Cal é a clasificación das madeiras segundo a súa existencia?

- A) Castaño, bidueiro, negro e menos dura
- B) Duras, menos duras, blandas e moi blandas
- C) Eucalipto, pino e bidueiro

4.- Indique cal dos seguintes residuos debe depositarse nos colectores verdes para a súa reciclaxe:

- A) Espellos
- B) Cartón
- C) Ningunha das respostas é correcta

Plantilla:

- 1.- A
- 2.- B
- 3.- B
- 4.- B
- 5.- A
- 6.- A
- 7.- C
- 8.- A
- 9.- B
- 10.- B
- 11.- C
- 12.- A
- 13.- B
- 14.- C
- 15.- A
- 16.- C
- 17.- C
- 18.- B
- 19.- B
- 20.- A

Reserva:

- 1.- B
- 2.- C
- 3.- B
- 4.- C

Faise constar que o aspirante Francisco Javier Costoya Castro, que inicialmente non se atopaba entre os corena e un aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, sí compareceu cando transcorriran xa quince minutos desde o comenzo da proba, sendo as 10.50 horas, decidindo os integrantes da Comisión Seleccionadora que fose admitido para realizar este exercicio, pero advertindolle que tería que rematar o seu exercicio ás 11.05 horas, como o resto dos aspirantes que

o estaban realizando; ao cal mostrou a súa conformidade. Polo que lle asignou unha cadeira-mesa para realizalo; dándose a circunstancia de que este aspirante rematou o seu exercicio tamén dentro do prazo que tiñan asignado os demais, as 11.05.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, por unanimidade dos seus catro membros integrantes, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

	NOME E APELIDOS	Puntuación proba teórica.
1	Jacinto Gómez Louzao	Non presentado
2	Carlos López Carril	11,25
3	Jesús Veleiro Rosende	13,75
4	José Ramón Carril Carril	4,75
5	Manuel Jesus Martínez Ruiz	10,25
6	José Angel Rey Rivadulla	3
7	Cesareo Xavier Moscoso Fuentes	Non presentado
8	Jesús Manuel Fernández Furelos	11,25
9	Sergio Mato Ramos	2,25
10	Asunción Crego Alario	11,25
11	David Rodríguez Sánchez	6,25
12	María Sonia Rodríguez Camba	5,5
13	Luis María Vázquez Agra	6,75
14	José Luis Varela Pereira	10
15	Ana Belén Freire Quintas	11,5
16	Adrián Sánchez Formoso	11,25
17	Angel Ramón Vidal Quintela	9,75
18	José Ramón Rodríguez Rey	11,25
19	Javier Ignacio Pampín Budiño	10,75
20	Sergio Pardo López	Non presentado
21	Oscar Vázquez Becerra	12,5
22	Ana Belén García Candal	16,5
23	Oscar Segade Varela	10,5
24	José Ignacio Vázquez Villares	11,25
25	Javier Montero Vázquez	10,25
26	Alejandro Piñeiro Veiga	11,75
27	Manuela Souto Vázquez	15,75
28	Gustavo Adrian Fanale	9,75
29	María del Carmen Prieto Rojo	7,25
30	José Luis Vázquez Astray	Non presentado
31	Javier Felpete Varela	6,75
32	Manuel Moscoso Nieto	Non presentado
33	Manuel Mosquera Segade	7,5
34	Francisco Javier Costoya Castro	2,5
35	José Manuel Fernández Sánchez	Non presentado
36	Santiago Jimenez Iglesias	Non presentado
37	Miguel Angel Gontan Ponte	Non presentado
38	Salomé Estrella Gómez Rama	11,75
39	José Manuel Sánchez Espiñeira	10
40	Heliodoro Fidalgo Hermida	10,75
41	Ruben Carramal Meis	Non presentado

42	José Manuel Vázquez Garea	Non presentado
43	José Rodríguez Rodríguez	18,75
44	Luis Angel Cascón Rodríguez	Non presentado
45	Diego González Perez	Non presentado
46	Ana Isabel Iglesias Pampin	7,5
47	José Luis Rivadulla Valiño	1,5
48	Carlos Sánchez Espiñeira	6,25
49	Angel Salgueiro Vázquez	5
50	Laura Nieto Casanova	9
51	Jorge Paz Arias	Non presentado
52	David Varela Pérez	10
53	Ricardo Pose Sanjurjo	Non presentado
54	Angel Gago Montaña	9
55	Miguel Angel Mejjide Cesar	7,5
56	David Vázquez Nieto	10
57	Miguel Anxo Ruas Comesaña	Non presentado
58	Marta Pérez González	Non presentado

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas a aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima aos dez puntos, necesarios para superar o exercicio, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos corenta e dous aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

Segundo: Facer saber aos aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen dito proceso.

Terceiro: Convocar aos restantes aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **29 de xuño** (mércores) as **10.00 horas**, no baixo do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo; cuxo exercicio consistirá en clasificar diversos materiais de refugallo nos seus correspondentes contedores, cualificándose de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos; seguindo para a súa realización o orde de presentación das respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello, para o cal se disporá dun tempo máximo de cinco minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 13.20 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.